



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto estimando parcialmente o recurso de alzada presentado por María Jesús Rosende Otero e aprobando a proposta do tribunal calificador no proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar administrativo, administración xeral, subgrupo c2, na área de servizos sociais polo tempo imprescindible ata que finalice o proceso para a cobertura do posto vacante ou se amortice a mesma

Expediente: 2023/G003/000231 - 2022/E001/000050

ANTECEDENTES:

I.- Mediante memoria da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2023 deuse inicio ao expediente para a contratación dun/ha auxiliar administrativo/a (C2) para o departamento de servizos sociais, para cubrir unha praza vacante na RPT (código 4005) en tanto non se provee regulamentariamente o posto.

II.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 13/2023 de data 17/01/2023 resolveuse aprobar as bases reguladoras que rexen o proceso para a contratación e formación dunha bolsa de emprego no Concello de Lousame e convocar proceso selectivo.

III.- O anuncio da convocatoria e as bases reguladoras foron publicadas no taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello o día 19/01/2023.

O día 24/01/2023 foi publicado anuncio da convocatoria e as Bases no BOP de A Coruña núm. 16.

IV.- O prazo de presentación de instancias para participar no procedemento selectivo foi de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do último anuncio (24.01.2023 BOP de A Coruña núm. 16) e rematou o día 07/02/2023.

IV.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 61/2023 de data 16/02/2023 resolveuse aprobar a lista de admitidos excluídos provisionais e concedíase un prazo de tres días hábiles para reclamacións.

V.- Mediante Decreto da Alcaldía núm. 104/2023 de data 02/03/2023 aprobouse a lista definitiva de excluídos e admitidos no procedemento de selección, foi confirmado o nomeamento do Tribunal e sinalouse o día 10.03.2023 para a constitución do mesmo e o comezo do proceso selectivo, de acordo coas bases publicadas.

VI.- Realizado o proceso selectivo, o día 29.04.2023 foi publicada no taboleiro de anuncios do concello de Lousame o Acta do Tribunal de data 28.03.2023.

VII.- En data 30.03.2023 a candidata María Jesús Rosende Otero presenta Recurso de Alzada fronte ao Acta do Tribunal de data 28.03.2023.

Consideracións:

Primeira.- Dispón o artigo 121 da Lei 39/2015 do 1 de outubro que contra os actos e resolucións ao que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e calquera outros que, no seno destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, de quen fixera o nomeamento do presidente dos mesmos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 122 da mencionada Lei sinala como prazo de presentación do recurso de alza o de un mes, si o acto fora expreso.

Visto o anterior e de acordo ao sinalado o recurso de Alzada foi correctamente presentado e debe ser admitido a trámite, posto que o Acta do Tribunal non é un acto definitivo E non pon fin a vía administrativa e foi presentado no prazo dun mes ante o órgano que ditou a resolución.

Segunda.- Así mesmo dispón o artigo 121.3 que si o recurso fose interposto ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de 10 días, co seu informe e con unha copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro.- A vista das alegacións contidas no recurso de alzada presentado, o Tribunal emitiu o seu informe no que considera que debe admitirse parcialmente o recurso presentado, posto que non foi valorada toda a documentación presentada pola candidata reclamante debido a un erro na plataforma de tramitación de expedientes dixitais TEDeC e realizou nova valoración a vista da documentación obrante no expediente e correctamente presentada en forma e prazo.

Así, no seu acta informe, realiza nova valoración e relación de aprobados pola orde de puntuación obtida polos candidatos.

De acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o na Lei de bases do réxime local e normativa concordante; sendo competencia da Alcaldía a resolución do Recurso de Alzada interposto,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por María Jesús Rosende Otero no sentido indicado no Acta informe do Tribunal de data 18.04.2023 e outorgar as seguintes puntuacións:

	APELIDOS, NOME	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN
	Rosende Otero, María Jesús	7,2	6,5

SEGUNDO.- A vista da estimación efectuada aceptar a nova proposta do Tribunal calificador, efectuada tras a sesión celebrada con data 18 de abril de 2023 para a resolución do proceso selectivo convocado para a provisión, por turno libre, mediante o sistema de concurso-oposición dunha praza de persoal auxiliar administrativo/a funcionario interino adscrito/a aos servizos sociais do concello de, a favor da persoa que a continuación se relaciona:

Apelidos, nome:	DNI
Rosende Otero, María Jesús	***1677**

TERCEIRO.- De acordo co disposto na base 11 das que rexen o procedemento de selección, formar unha bolsa de traballo cos candidatos que resultaron aprobados e non propostos para a cobertura da praza en orde descendente de puntuación:

	APELIDOS, NOME:
1	Antelo Cuns, Nerea
2	Lema Amado, Noelia María
3	Ignacio Rial, Rocio
4	Creo Cernadas, Mirian
5	Del Río Vidal, Alba
6	Ouviña Castro, Emma





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7	Ferreiro Marzoa, Noelia
8	Paradela Vázquez, Rocío
9	Díaz Miras, María del Carmen
10	Piñeiro Castelo, Joana
11	García García, Loreto
12	Couto Viana, Cristina
13	Filgueira Pazos, M ^a Mercedes
14	Filgueira Pazos, Susana
15	Blanco Ternande, Belén
16	Cordo Castañeda, Rebeca
17	Maceira Uzal, Marta María
18	Davila Martínez, Jorge
19	Montero Freire, Jessica
20	García Earley, Daniel
21	Roo Vázquez, Beatriz
22	Pérez Santiago, Rosa Ana

CUARTO.- Dispoñer, en cumprimento do disposto na base 8 das que rexen a convocatoria, a apertura dun prazo de **cinco (5) días naturais**, contados a partir do da publicación da resolución da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos para que **o aspirante proposto achegue os seguintes documentos**:

- 1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.
- 2) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do Título académico esixido, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- 3) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 4) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse no suposto de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración Xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 5) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- 6) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado). Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos do Concello mais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.

SEXTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPCAP), e 8, 10 e 46, e demais concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a devandita resolución, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación do mesmo, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación

- Contra a desestimación presunta do recurso de reposición, e no prazo de seis meses, a partir do día seguinte ao cumprimento do prazo dun mes que ten o Concello para a resolución e notificación do referido recurso de reposición recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo.
- Poderá así mesmo interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente e que conveña aos seus intereses, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión a que se refiren os artigos 125 e 126 da Lei 39/2015 (LPACAP)”.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

